



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 10 DE XUÑO DE 2015

ASISTENTES:

PRESIDENTE

D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

CONCELLEIROS/AS

D. PEDRO J. FERNÁNDEZ MANIN (PP)
D^a. MERCEDES J. GONZÁLEZ ALONSO (PP)
D^a. M^a TERESA LÓPEZ REGO (PP)
D. JOSÉ ÁNGEL PALEO SOTO (PP)
D. RAMÓN SIXTO LEGASPI (MEMBRO NON ADSCRITO)
D^a. ANA ISABEL VILLARINO ALONSO (MEMBRO NON
ADSCRITO)
D. ENRIQUE COTARELO GARCÍA (MEMBRO NON
ADSCRITO)
D. JOSÉ MANUEL CASABELLA OTERO (MEMBRO NON
ADSCRITO)
D^a ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR (UNIFOZ)
D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG)

Non asiste a Concelleira D^a. M^a ANGELES VEIGA
VARELA (UNIFOZ)

Non asiste o Concelleiro D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ
(MEMBRO NON ADSCRITO)

No salón de xuntas do concello de Foz, sendo as vinte horas e corenta minutos do día dez de xuño de dous mil quince, reúnese, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, o concello pleno, baixo a presidencia do señor alcalde presidente don Javier Jorge Castiñeira, coa asistencia dos señores/as concelleiros/as relacionados ao marxe. Actúa de secretario, o habilitado estatal, Ricardo Fernández Fernández, que da fe do acto.-

SECRETARIO

D. RICARDO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida celebración da sesión (once dos trece concelleiros/as que de dereito compoñen a corporación), o señor alcalde declara aberto o acto, da a benvinda ao novo Secretario, e sendo a presente, a última sesión plenaria deste mandato, agradece ao resto de Concelleiros o traballo realizado na Corporación Municipal, desexando sorte a todos os candidatos que se vaian presentar nas vindeiras eleccións. Seguidamente, énrtrase no despacho dos asuntos incorporados á orde do día, cursados xuntamente coa convocatoria, producíndose o desenvolvemento da sesión e correlativa adopción de acordos, nos termos seguintes:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, EXTRAORDINARIA DE DATA 27 DE ABRIL DE 2015.- Por unanimidade dos/as once señores/as concelleiros/as asistentes acórdase prestar aprobación ao borrador da acta da sesión anterior, extraordinaria de data 27 de abril de 2015, en todos os seus extremos e nos seus propios termos.-

Con carácter previo á consideración do asunto da orde do día, o Alcalde-Presidente outorga un turno de intervencións aos Concelleiros presentes na sesión, intervindo para despedir o presente mandato, D^a ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR, Concelleira de UNIFOZ, que agradece o compañeirismo de todos os Concelleiros e pide á próxima

corporación máis diálogo e di que seguirá traballando polo Municipio de Foz aínda que non estea de Concelleira.-

XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA, Concelleiro do **BNG**, agradece a cordialidade habida durante este mandato e no persoal desexa o mellor para todos os compañeiros desta Corporación.-

D. RAMÓN SIXTO LEGASPI, Concelleiro non adscrito, despídese igualmente agradecendo a cordial relación existente durante o seu último mandato na Corporación e desexa sorte a todos.-

Por último o **ALCALDE-PRESIDENTE**, despídese expresando que foi un pracer presidir esta Corporación con tanta pluralidade durante este último mandato. Préstase tanto como Concelleiro na oposición, como Alcalde, a estar a disposición tanto de vosoutros -referíndose ao resto de Concelleiros- como de todo o pobo. Agradece o traballo realizado polos Concelleiros nestes últimos 4 anos e desexa sorte a todos.-

Concluído o anterior, ás vinte horas e corenta e seis minutos, non sendo outro o obxecto da convocatoria, o señor alcalde titular levanta a sesión no lugar e data ao principio indicados, estendéndose a presente acta para constancia, de todo o que, como secretario, certifico.-

O secretario,

RICARDO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

O alcalde,

JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE)